

Toda a miña brusquidade contra a túa fráxil textura  
de cadrelo

e aquel cheiro teu salvaxe de animal que treme  
e sabe ser feroz

se hai montaña ou se hai lúa

ou se as deusas precipitan os designios.

Sabes volverme insomne

deixar pegadas en cada precipicio ao que me inclino.

Vou volver aprenderlle o teu nome aos meus soños

dubidan entre chamarte

ou perderte no templo vasto da memoria.

Estou sentada xusto alí

ardendo

alí temendo o teu regreso

e a vinganza toda.

Apaguei as túas formas de respirar cada vez que se

alumaban

escondín os teus restos baixo o cairo superior

—eu quería algo punzante para a túa custodia ninguén

te buscaría entre tanta saliva e tanta noite—.

Agora o meu padal é un berce que arrola

o esquecemento

polos séculos.

Atravésote acotío con aire quente e con palabras

é curioso que de ti apenas medre este silencio.

*Retratos de vodas, partos e funerais*

ari[t]mar

Difundir a música e a poesía, aproximar a cultura e a lingua da Galiza e Portugal

Promove: Escola Oficial de Idiomas de Santiago de Compostela, Xunta de Galicia

Organizan: Escola Oficial de Idiomas de Santiago de Compostela, Xunta de Galicia  
e Concello de Santiago de Compostela

Patrocinan: Xunta de Galicia, Deputación Provincial da Coruña, Concello de Santiago de Compostela,

Agrupamento Europeo de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal

e Instituto Camões-Centro Cultural Portugués de Vigo

Colaboran: Facultade de Filoloxía de Santiago de Compostela, Escola Oficial de Idiomas de Ferrol,

Escola Oficial de Idiomas de Lugo, Escola Oficial de Idiomas de Pontevedra, Centros do Ensino Portugués

pelo Camões na Galiza, Conservatorio Profesional de Música de Santiago de Compostela

aritmar.gal



## HÁ MULHERES QUE TRAZEM...

SÍLVIA MOTA

Há mulheres que trazem os livros nos olhos  
passam rímel de palavras pelas pestanas  
outras trazem o mar no ventre  
quando salgam os poemas.

Umam velam a lua sobre o peito  
enquanto um rio percorre o seu fluxo  
e nas torrentes do inverno  
acendem nas mãos o seu lume.

Outras encostam os olhos às paredes da casa  
atravessam o silêncio  
contornam o cansaço  
quando desafiam as suas histórias.  
Uma Penélope, uma Beatriz  
a Ilha dos Amores que não existe  
um Sebastião que come tudo  
e outro que não regressa.

Há mulheres que de tanto  
esperarem jamais vivem.

*Ofício Volátil da Memória.*

*Poética edições, 2023, pág.37.*

## MORENA

DE NINGHURES

Letra: Manuel Lucas, Tomé Mouriño, Manuel "Cataqui"

Veño de bailar morena  
veño de bailar  
Veño de subir ao alto  
que no alto vexo ben  
quero ver aos meus amores  
se se falan con alguén  
Para bailar veño eu  
para cantar miña irmá  
para tocar o pandeiro  
viva quen o ten na man  
Veño de bailar morena  
veño de bailar  
Hoxe vai haber serán  
hoxe vémonos na festa  
a ver como saio desta  
véndote mover no baile  
Para bailar veño eu  
para cantar miña irmá  
para tocar o pandeiro  
viva quen o ten na man  
Veño de bailar morena  
veño de bailar

## NA ESCOLA

OS QUATRO E MEIA

Foi na escola que aprendi  
Sobre plantas e animais  
Dividi, multipliquei  
Com três casas decimais

Hoje sei quais são as rochas  
Que se formam nos vulcões  
Fiz ditados, li poemas  
Pontuei as orações

E de todas essas coisas  
Que na escola eu aprendi  
Nem um apontamento houve  
Pra me preparar para ti

Se algo existe nesta vida  
Que algum saber requer  
É a ciência de entender  
Como pensa uma mulher

Se algo existe nesta vida  
Que algum saber requer  
É a ciência de entender  
Como pensa uma mulher

Aprendi a picotar  
Fiz centenas de postais  
Sei os sólidos e as formas  
Bissetrizes, diagonais

Decorei as dinastias  
E o nome de cada rei  
Ainda lembro as capitais  
Dos países que apontei

E de todas essas coisas  
Que na escola eu aprendi  
Nem um apontamento houve  
Pra me preparar para ti

Se algo existe nesta vida  
Que algum saber requer  
É a ciência de entender  
Como pensa uma mulher

Se algo existe nesta vida  
Que algum saber requer  
É a ciencia de entender  
Como pensa uma mulher

De mochila presa às costas  
Com dez quilos, talvez mais  
Tantas vezes fui à escola  
Aprender coisas banais

Se algo existe nesta vida  
Que algum saber requer  
É a ciência de entender  
Como pensa uma mulher

Se algo existe nesta vida  
Que algum saber requer  
É a ciência de entender  
Como pensa uma mulher


Tanto aprendi  
Tanto aprendi  
Nada sobre ti  
Nada sobre ti

Tanto aprendi  
(Se algo existe nesta vida)  
Tanto aprendi  
(Que algum saber requer)  
Nada sobre ti  
(É a ciência de entender)  
Nada sobre ti  
(Como pensa uma mulher)

Tanto aprendi  
Tanto aprendi  
Nada sobre ti  
Nada sobre ti

ari[t]mar  
galiza e portugal

# Gala dos PREMIOS da MÚSICA e da POESÍA GALEGO-PORTUGUESAS



DE NINGHURES · OS QUATRO e MEIA  
SILVIA PENAS · SÍLVIA MOTA LOPES  
SCD. CONDADO

NOVEMBRO 22 · 20H30  
Auditorio de Galicia  
Santiago de Compostela



aRi(t)mar galiza e portugal é unha iniciativa da Escola Oficial de Idiomas de Santiago de Compostela, pertencente á Consellería de Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia, que celebra este ano a súa novena edición. Este proxecto ten por obxectivo dar a coñecer e difundir a poesía e a música editada na Galiza e en Portugal, así como achegar a cultura e a lingua comúns dos dous países, no cadro das accións de desenvolvemento da Lei Valentín Paz-Andrade para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía.

O certame consta de catro categorías: mellor tema musical galego, mellor tema musical portugués, mellor poema galego e mellor poema portugués. A escolla é feita polo público xeral, galego e portugués, entre 10 poemas e cancións finalistas seleccionadas polo xurado do certame. O devandito xurado escolle tamén, entre as propostas achegadas polos seus membros, a persoa, iniciativa ou institución que, pola súa traxectoria, sexa merecente do premio especial á embaixada da amizade galego-lusófona

## PALMARÉS DE MÚSICAS E POESÍAS PUBLICADAS EN 2023

### Músicas gañadoras

Galiza: **MORENA**, DE NINGHURES

Portugal: **NA ESCOLA**, OS QUATRO MEIA

As segundas máis votadas:

**AI DE MIN**, CAAMAÑO&AMEIXEIRAS (GZ)

**SAGITÁRIO**, MIGUEL ARAUJO (PT)

As terceiras máis votadas:

**ARDEN**, MONDRA (GZ)

**SAIA DA CAROLINA**, CAROLINA DESLANDES (PT)

### Poesías gañadoras

Galiza: **CANTO SEGUNDO PARA UN FILLO NON NADO**, SILVIA PENAS

Portugal: **HÁ MULHERES QUE TRAZEM...**, SÍLVIA MOTA

As segundas máis votadas:

**DECLARA A DOR**, CHUS PATO (GZ)

**A ARTE DO ROUBO AS ESCURAS**, JOANA M. LOPES (PT)

As terceiras máis votadas:

**ENTRA O SOL CHEIRAR A CASA**, CELSO FERNÁNDEZ SANMARTÍN (GZ)

**MUDA DE LUGAR...**, CESAR PIRES (PT)



## DE NINGHURES

Agrupación formada no 2019 por músicos de varias zonas da Galiza, entre elas Carballo, Santiago de Compostela ou A Fonsagrada, e caracterizada por partir da música tradicional e o folk galegos para transitar por todo tipo de sonoridades, que van desde a electronic dance music ou o rock, ata os sons doutras tradicións ibéricas, así como a música magrebí ou latinoamericana. Teñen participado dalgúns dos grandes eventos da música galega coma o Festival de Ortigueira ou o compostelán TradFest.



## OS QUATRO E MEIA

Agrupación formada por seis músicos que ten a súa orixe nunha xuntanza universitaria aló polo 2013 na cidade de Coimbra. Practican unha música que poderíamos definir como pop-rock, con tendencia a cancións lentas e emotivas, e alta presenza do piano e máis outros elementos como as seccións de corda. Acadaron unha alta notoriedade en Portugal no 2017 grazas ao seu disco "Pontos nos Is". No 2022 participaron no Festival da Canção co tema "Amanhã".



## SILVIA PENAS

Nada en Vigo no 1980, Silvia Penas é o que poderíamos chamar unha poeta escénica, aquela de cuxa boca non saíra a palabra se non fora da man da representación ou a performatividade. Docente de lingua galega, así como de diferentes obradoiros de creación, ten sido recoñecida con multitude de premios pola súa labor no eido da poesía, coma o Premio de poesía Victoriano Taibo. No ano 2014 deu inicio, xunto ao músico Jesús Andrés Tejada, ao proxecto de poesía escénica Cintaadhesiva.



## SÍLVIA MOTA

Poeta, pintora, ilustradora e autora de literatura infanto-xuvenil nada en Braga no ano 1970. Sílvia Mota Lopes comezou a pintar no ano 1993 e desde entón empezou a dar alento a unha personalidade artística na que a poesía e a imaxe pictórica son indisolubles. Boa proba delo é "Oficio volátil da memoria", o seu último poemario, con textos e ilustracións a cargo da propia autora. Entre o 2021 e o 2022 expuxo parte da súa obra nunha mostra, "Pintar com poesia" inspirada pola poesía de autores portugueses e galegos.

## SCD. CONDADO

A Sociedade Cultural e Desportiva do Condado é unha entidade fundada en Salvaterra do Miño no ano 1973. Nada como organización no ámbito deportivo, logo comezou a dar sinais de vida no eido da cultura, promovendo actividades coma o famoso concerto que reuniu, no 1978, a Zeca Afonso, Vitorino e Fausto, con músicos locais. Desde o 1981 celebra o Festival da Poesía do Condado, evento concibido como encontro de convivencia entre poetas da Galiza e doutras nacionalidades, entre elas as dos países lusófonos.

## CANTO SEGUNDO PARA UN FILLO NON NADO

SILVIA PENAS

SENTEI sobre a memoria con coidado  
para que non rompese  
coma se algo fose cortar a transmisión  
de carne entre nós os dous.  
Co meu peso abrín un oco  
por exceso de preguntas:  
onde estabas a existir antes de min?  
Como era a túa transparencia?  
Sentín a esfera do mundo  
perder a súa casca no meu intestino  
gabearon polos meus nervios de trapo  
algunhas ratas, esquiós, furóns  
chegaron ao núcleo mesmo do tempo  
e unha tensión de arpa cravou  
a miña silueta naquel edén terrible  
xunto á raíz da araucaria.  
Apareceu a túa voz  
antes do diluvio  
aínda antes  
de que ouvease o bosque  
en todos os desmaios desas mortas  
por parir  
e a súa suavidade fería os meus latexos.